

ANUNCIO

O Alcalde o día 12/07/2024, ditou a seguinte Resolución con número 487/2024:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, MESTRE/A DA ESCOLA INFANTIL

EXPEDIENTE: 2024/G003/000442

ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, mestre/a da escola infantil, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do día 09/05/2024 e publicadas no BOP nº 95 do 26/05/2024.

Logo de ver a Resolución nº 381/2024 de data 07/06/2024 de asunto: “Listaxe provisional de admitidos e excluídos provisionalmente para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, mestre/a da escola infantil”, publicado na sede electrónica do Concello de Melide o día 07/06/2024 e no que se acorda dar un prazo de tres (3) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión.

Logo de ver a Certificación do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide de data 13/06/2024 En relación á listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, Mestre/a da escola infantil, publicada o 07/06/24 na Sede Electrónica do Concello de Melide, na que se concede aos aspirantes excluídos un prazo de 5 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 18/06/2024 de asunto: “Informe listaxe definitiva admitidos/as e excluídos/as proceso selección para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, mestre/a da escola infantil. Expediente: 2024/E001/000008”. No que di: “(...) INFORMO FAVORABLEMENTE a documentación achegada por Verónica Varela Villar, debendo quedar incorporada na listaxe definitiva de admitidos/as. En consecuencia a LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS debe quedar como segue: (...)”

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe de admitidos/as e excluídos/as definitivamente para as probas que darán lugar a devandita contratación.

ADMITIDAS/O:

APELIDOS E NOME	DNI/OUTRO
CORRAL CEA, GLORIA	***3606**
GAREA GARCIA, LAURA	***3370**

HERRERO LOSADA, LUIS	***6050**
IGLESIAS BUJAN, NURIA	***0510**
MATO MELLA, TAMARA	***6196**
OURO CARRIL, NATALIA	***0788**
REY RODRIGUEZ, ANA BELEN	***3319**
SEGADE GARCIA, YAIZA	***9105**
VARELA VILLAR, VERONICA	***8622**

EXCLUIDA:

APELIDOS E NOME	DNI/OUTRO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
LORENZO CALVIÑO, EVA	***5629**	Non achega Anexo I

SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- **PRESIDENTA:** Guadalupe Vázquez Ascariz (traballadora social, Concello de Toques). Suplente: M^a Jesús Sande Vázquez (directora da escola infantil do Concello de Melide).

- **SECRETARIO/A:** Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide). Suplente: M^a de la Cruz Mosquera Sánchez (administrativo, Concello de Melide).

- **VOGAIS:**

* Mónica Vilariño Fociños (mestra educación infantil, CEIP Mestre Pastor barral). Suplente: M^a del Carmen Villarabide Prado (mestra educación infantil, escola infantil do Concello de Melide)

* Miriam Blanco Rodríguez (mestra orientadora, CEIP Mestre Pastor Barral e Martagona). Suplente: M^a del Mar Guardo Bande (administrativo, Concello de Melide)

* Joaquín José Vázquez Rodríguez (técnico de normalización, Concello de Melide; suplente: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega, IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín).

Convócase para a constitución do Tribunal e a realización da fase de concurso o **martes día 23 de xullo de 2024 ás 10:00 h.**

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, venres 12 de xullo de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario acctal. da fe. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, luns 15 de xullo de 2024. Asdo: o secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.